

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 21 de febreiro de 2017 para facer pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-130, treito Ares-Mugardos, punto quilométrico 0+320–3+980 (clave AC/16/085.06).

Con data do 20 de febreiro de 2017, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Orde do 4 de febreiro de 2013; DOG do 20 de febreiro), unha vez visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 19 de xullo de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 136 o Anuncio do 30 de xuño de 2016, polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-130, treito: Ares-Mugardos, p.q. 0+320–3+980, de clave AC/16/085.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

O anteprojecto que se tramitou na información pública era unha separata para informar publicamente do proxecto construtivo e, posteriormente, redactouse o dito proxecto construtivo con base na referida separata.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións e certificados que foron remitidos á Dirección do estudo para a súa valoración.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse á

CVE-DOG: nbm6hyh1-hql4-gba2-xy60-eqvj6vby9lr0



información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-130, treito: Ares-Mugardos, p.q. 0+320–3+980, de clave AC/16/085.06, tendo en conta as seguintes consideracións:

- Reforzar a drenaxe lonxitudinal para garantir a capacidade de desaugamento, de acordo coas alegacións presentadas.
- Para mellorar a seguridade viaria, as vías transversais que conecten coa AC-130 deixaranse proxectadas de acordo coas aliñacións definidas nos planeamentos de cada concello.
- Habilitaranse dársenas para o transporte público no Alto de Simou (concello de Mugardos) e no p.q. 2+530 (concello de Ares).
- Mellorarase a accesibilidade aos predios, co fin de manter as condicións de acceso que posúen na actualidade.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Ares e Mugardos deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira

CVE-DOG: nbm6hyh1-hql4-gba2-xy60-eqvj6vby9lr0



de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 35/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: nbm6hyh1-hql4-gba2-xy60-eqvj6vby9lr0

